


**TRKLJA, Aleksandar e GRABOWSKI, Lukasz (Eds.) (2021): *Formulaic Language. Theories and Methods*. Berlin: Language Science Press (Phraseology and Multiword Expressions 5). ISBN: 978-3-96110-310-2; 227 páxs<sup>1</sup>.**



Carecemos de definición consensuada do termo *linguaxe formulaica*. A fin de poñer en contexto a lectora ou lector sobre o tema do que trata o libro que imos recensionar, utilizaremos a definición de Alison Wray (2013: 318), que afirma que a linguaxe formulaica consiste nun grupo de palabras secuenciais que, xuntas, posúen un significado enteira ou lixeiramente distinto ao de cada un dos seus compoñentes por separado e só funciona cando se utilizar a expresión ao completo. Incluíramos dentro desta definición frases feitas, colocacións, expresións idiomáticas e mais outras expresións, posto que as persoas falantes de L1 as recoñecen como unidades con significado completo.

A disciplina, malia non ser nova, hai pouco que se converteu no foco de atención de múltiples estudos, que a trataron segundo diferentes perspectivas. Conscientes deste florecemento, Aleksandar Trklja e Lukasz Grabowski convidánnos a adentrarnos, en *Formulaic Language: Theories and Methods*, nese campo desde puntos tan afastados como a adquisición da linguaxe, a tradución, a lingüística computacional ou a sociolingüística.

## 1. Estrutura interna e externa da obra

A obra, de 227 páxinas e redactada integramente en inglés, foi editada por *Language Science Press* no ano 2021 e pertence á serie *Phraseology and Multiword Expressions 5*.

Estrutúrase nun total de oito capítulos divididos, en función da temática, en tres partes. A primeira, titulada «*New theoretical and methodological insights into formulaic language*», versa sobre as innovacións teóricas e metodolóxicas da linguaxe formulaica. Séguelle a sección chamada «*Formulaic language in language learning contexts*», a cal se centra na importancia da dita linguaxe canto á aprendizaxe de idiomas. Para terminar, encontramos a sección «*Formulaic language in discourse studies and translation*», na que se examina o tema en causa consonte a perspectiva do estudo de corpus, da análise do discurso e da tradución.

Tras un pequeno prólogo inicial á conta dos seus editores que presenta brevemente o obxecto de estudo, as liñas de investigación xerais en voga e mais un resumo dos puntos clave de cada un dos artigos compilados no tomo, áchanse os tres artigos que compoñen a primeira parte do libro.

<sup>1</sup> Tradución de Andrea Ucha Bouzada.

## 2. Contidos da obra

A primeira intervención, titulada «*Predictability and prefab status: The case of adjective + noun sequences in English*», corre a cargo de Joan Bybee, da University of New Mexico, xunto de Ricardo Napoleão de Souza, da Helsingin yliopist, e propón unha perspectiva novidosa sobre o procesamento das secuencias adxectivo-substantivo. Mediante a análise de corpus do inglés conversacional estadounidense, explora as características necesarias para que os bigramas se consideren linguaxe formulaica, así como o papel da frecuencia de uso mais do contexto nas aludidas secuencias. Alén diso, avalía como estes dous elementos afectan foneticamente a duración das vogais do adxectivo. Conclúe, como indicaban precedentes estudos, que se acurta en estruturas fixas (ou «prefab» en terminoloxía da e mais do autor) en comparación coas estruturas libres e que, polo tanto, a duración vocálica nos adxectivos pode servir como indicador fonético do status da linguaxe formulaica. Tamén determina que a predictibilidade das palabras dentro da secuencia dependerá, en gran medida, do tipo de construción e que esta será relevante na constitución de novas combinacións.

O segundo artigo desta primeira parte, «*Cascading collocations: Collocades as correlates of formulaic*», de Richard Forsyth, presenta un innovador xeito de detectar, de medir e de visualizar a linguaxe formulaica con métodos computacionais de construción propia e partindo do recurso tradicional *n-gram*. Consciente da falta de definición consensuada do termo *linguaxe formulaica*, pretende encontrar unha maneira obxectiva e práctica de analizar as fórmulas en cuestión. O autor afirma que o seu método é aplicable a calquera idioma e que non necesita dun tratamento previo dos textos.

A súa metodoloxía baséase no estudo de corpus, dos cales extrae, mediante o uso de Python3, o que denomina «formulexicon», unha colección de secuencias de palabras coa que determina a rixidez das estruturas, coa que coñece as lonxitudes adecuadas de «*n-grams*» de maneira automática e coa que mide o grao de utilización de linguaxe formulaica no texto. Forsyth afirma que esta técnica serve para tratar os datos en bloque e para relevar e mostrar de forma clara e accesible cadoiros de colocacións que pasarían desapercibidos usando outras técnicas. A súa contribución facilita a análise dos cadoiros de correlacións, proporcionando un índice cuantitativo de inflexibilidade lingüística que permite identificar e estudar segmentos textuais altamente formulaicos.

O terceiro e derradeiro capítulo da primeira sección, elaborado por Piotr Pezik, da Uniwersytet Łódzki, titúlase «*Exploring the valency of collocational chains*». O obxectivo destoutro traballo é investigar as restricións combinatorias das unidades fraseolóxicas binarias e analizar a frecuencia coa que forman parte de colocacións maiores. O traballo realízase con medios automatizados, a través do estudo de corpus do inglés, tanto americano como británico, e mais do polaco, e contribúe a mostrar as restricións que as colocacións binarias posúen no que a capacidade combinatoria se refire. Alén do máis, tamén contribúe a ensinar como se poden analizar desde o punto

de vista de cadeas colocacionais sintácticas máis grandes. Pezik demostra, coa axuda da estatística e grazas a programas como Treelets, que o comportamento das expresións fraseolóxicas se ve condicionado pola capacidade combinatoria no contexto.

A segunda parte do libro dedícase á linguaxe formulaica dentro da aprendizaxe de linguas.

Stephen F. Cutler, da Cardiff University, estuda como o alumnado de linguas estranxeiras adquire as expresións formulaicas no seu artigo «*Paths to formulaicity: How do L2 speakers internalise new formulaic material?*». Este autor, pola súa parte, pretende indagar sobre cal é a mellor maneira de lles ensinar a estudantes de L2 expresións formulaicas para que as poidan utilizar de modo tan natural como unha persoa nativa. Para iso, realiza dous estudos empíricos con discentado xaponés de inglés como lingua estranxeira nos que compara a súa adquisición mediante, por unha banda, a aprendizaxe analítica —partindo de palabras individuais e fusionándoas máis tarde— e, pola outra, mediante a holística —na que se adquiren as cadeas de palabras como un todo a través da repetición— para avaliar a facilidade de as lembrar, a precisión e mais a fluidez na adquisición destas expresións segundo a técnica seleccionada. Chégase á conclusión de que, se ben a maneira de asimilar as expresións variaren sensiblemente, ambos os métodos se procesan de xeito similar. A aprendizaxe holística permite, non obstante, unha maior fluidez e maior automaticidade, aínda que se ve limitada en número comparándoa co método analítico.

A idea do estudo faise interesante, pero a mostra utilizada resulta excesivamente pequena como para xerar confianza nas conclusións que del se derivan. Ademais, como o propio autor recoñece, a adquisición das expresións formulaicas é multifactorial, o cal non se tivo en conta no deseño do estudo e podería condicionar os resultados.

O quinto capítulo ten como autora a Ying Wang, da Karlstads universitet, e titúlase «*Formulaic sequences with ideational functions in L1 student and expert academic writing in English*». Nel estúdase, mediante a análise de corpus asistido por ordenador, o uso das secuencias formulaicas en discentes de inglés L1 no seu derradeiro ano de carreira e en investigacións publicadas por persoal experto en linguaxe académica. A investigadora conclúe que ambos os grupos xeran escritos moi ricos en linguaxe formulaica, pero que o tipo de expresións varía segundo as produzan suxeitos pertencentes a unha ou a outra categoría: os expertos e expertas adoitan utilizar máis estruturas e vocabulario relacionado co razoamento, mentres que as e os aprendices acostuman escoller fórmulas que expresan estados emocionais ou condutas corporais. O estudo chega á conclusión de que a linguaxe académica é lingüísticamente menos creativa e que, polo tanto, o alumnado nativo tamén necesita que o adestren nela.

Se ben tal temática xa se tratara desde a perspectiva das dificultades de redacción de textos académicos en L2 por parte de falantes non nativas nin nativos, o artigo faíno cunha perspectiva novidosa sobre a cal escasa bibliografía previa existe e constata,

entón, a necesidade de adestramento na redacción de textos académicos tamén en L1, para persoas nativas, feito que pode resultar asaz importante no deseño dos programas de investigación das universidades.

A terceira e derradeira parte do libro que nos ocupa agrupa investigacións no campo da linguaxe formulaica nos estudos da tradución. «*Reading discourses through their phraseology: The case of Brexit*», de Andreas Buerki, vencellado á Cardiff University, preséntanos un estudo de corpus dos medios británicos durante o Brexit a través do cal demostra como os eventos sociais significativos dunha comunidade inflúen na fraseoloxía dela.

O autor define as características principais do discurso a canda o Brexit e explica como se recuperaron vellas expresións e se crearon outras novas froito da necesidade de adaptación ao cambiante e binario panorama político. Noutras palabras, constata o impacto da actualidade na fraseoloxía do momento, obrigada a evolucionar tamén en función da fase na que se encontrase o proceso do Brexit e mais do posicionamento sobre el.

Buerki chega á conclusión de que os padróns fraseolóxicos trasladan a visión do mundo dunha sociedade nun punto concreto do tempo e permítenos analizar o que nela ocorre. Este novo artigo verifica a teoría existente, á vez que predica que os feitos históricos deixan pegada no idioma. Engade, ademais, a novidade de analizar o impacto de tales acontecementos na linguaxe desde o punto de vista da fraseoloxía no canto do das unidades léxicas.

O capítulo sétimo leva por título «*Grammar patterns as an exploratory tool for studying formulaicity in English-to-Polish translation*» e os seus autores son Łukasz Grabowski, da Uniwersytet Opolski, e Nicholas Groom, da University of Birmingham.

Trátase dunha investigación exploratoria descritiva da linguaxe formulaica desde a óptica dos esquemas gramaticais na tradución do inglés ao polaco. O seu obxectivo principal consiste en explorar se os padróns gramaticais se poden utilizar como ferramentas útiles en estudos interlingüísticos. Concretamente, preténdese identificar e describir as estruturas léxico-gramaticais das traducións na antedita combinación lingüística.

Baseándose nun estudo de corpus paralelos de dous padróns concretos da lingua inglesa, «*it +verbo de enlace+ adxectivo+ to-inf*» e «*it+verbo de enlace-adx+than*», aspirase a descubrir se as traducións polacas destas estruturas repiten ou non o padrón de orixe. As relacións entre o contorno sintáctico e os elementos léxicos en inglés xa foron estudados con anterioridade, pero existe pouca bibliografía en contextos interlingüísticos e, máis concretamente, no polaco, polo que o estudo contribúe a encher o baleiro neste campo.

A autoría afirma que os seus resultados contradín a estendida idea de que unha dada frase formulaica en L1 (inglés) deba ser traducida por outra frase formulaica en L2 (polaco), pero admite que se van requirir estudos máis extensos para saber certo se tales

conclusións son aplicables a outras estruturas. Por outro lado, tamén falta comprobar que os fragmentos analizados non recibiran, ao seren traducións, interferencias lingüísticas da lingua de partida.

Por último, o capítulo oitavo e final do libro titúlase «*God, the Devil and Christ: A corpus study of Russian syntactic idioms and their English and Finnish translation correspondences*» e é obra de Mikhail Mikhailov, da Tampereen yliopisto.

Aquí, o obxectivo do autor consiste en suplir as carencias dos dicionarios canto á representación dunha estrutura moi usada no ruso oral e que e a cal produce abondas confusións entre a poboación non nativa porque depende moito do contexto: «*Nome nominativo+s("con")+nome instrumental*».

O estudo levouse a cabo mediante a análise de corpus tanto monolingües como paralelos. Os primeiros usáronse para estudar as construcións e os segundos, coa intención inicial de conseguir equivalentes. No entanto, dado o limitado número de respostas obtidas no corpus paralelo, a potencia estatística foi insuficiente á hora de lograr este segundo obxectivo. Por outro lado, o experimento serviu para constatar a inexistencia dese tipo de construcións no inglés e no finés, a dificultade das e dos tradutores para encontraren equivalentes e o alto número de erros nas traducións a causa dunha mala interpretación da lingua orixinal cando aparecía a referida estrutura. Así mesmo, constatouse que nos orixinais rusos a frecuencia de uso era ben maior ca nas traducións a el.

Malia os desequilibrios nos corpus non permitiren responder ás preguntas de investigación orixinais, as análises conduciron ata conclusións interesantes verbo das traducións literarias automáticas baseadas en corpus paralelos. A primeira delas é que quen os crearon non tiveron en conta nin asumiron os posibles erros de tradución nin tampouco as licenzas que as tradutoras e tradutores, cuxo obxectivo é lograren unha tradución natural como texto meta, toman, incluso cando iso leva ao sacrificio da exactitude. O autor tamén se amosa crítico con relación ao nivel lingüístico da lingua non nativa dos tradutores e das tradutoras rusos.

### 3. Conclusións da lectura

A obra que estamos a recensionar destaca polo seu enfoque multidisciplinar e ofrece unha visión actual e polifacética acerca das liñas de investigación máis novidosas no eido. Constátase a súa utilidade para acceder ao estado da cuestión respecto da linguaxe formulaica, así como para coñecer as tendencias na investigación e os seus métodos. Preséntase un soporte lóxico de creación propia baixo licenza Creative Commons que pode resultar proveitoso para a comunidade científica. As investigacións conteñen elementos innovadores e os diferentes enfoques contribúen a configurar unha lectura enriquecedora. Porén, algunhas áchanse nun estadio moi inicial e presentan conclusións que se deben considerar como preliminares á espera dun desenvolvemento ulterior de maior profundidade.

Encontrámonos, en síntese, ante unha obra que pode ser de interese tanto para aquel persoal investigador que se inicie na temática da linguaxe formulaica como para quen desexaren actualizar eses coñecementos cos enfoques novidosos que achegan as novas tendencias de investigación.

#### 4. Referencias bibliográficas:

- Forsyth, R.S. (s.f.). Richard Forsyth's home page. <https://www.richardsandesforsyth.net/>
- Forsyth, R.S. (2016). *FORMULIB: Formulaic Language Software Libray*. Richard Forsyth's home page. <https://www.richardsandesforsyth.net/docs/formulib.pdf>
- Wray, A. (2013). Formulaic language. *Language Teaching*, 46(3), 316–334. <https://doi.org/10.1017/S0261444813000013>

Sandra Ruiz-Morilla

Universitat Autònoma de Barcelona (España)

ORCID: 0009-0003-2216-7805

[sandra.ruiz@uab.cat](mailto:sandra.ruiz@uab.cat)